

Educación, política e sustentabilidade: construíndo sobre a Xustiza Climática.

Alberto José Franco Barrera
Universidade de Santiago de Compostela
alberto.jose.franco.barrera@usc.es

Resumo:

O impacto das alteracións climáticas está mediado polas características específicas das comunidades ás que afecta. De feito, un dos riscos principais do devandito fenómeno é que actúa como multiplicador e amplificador de conflitos preexistentes. Por este motivo, entre outros, as sociedades non só deben traballar para mitigar os efectos dos eventos climáticos extremos senón que tamén necesitan minimizar o custo social dos mesmos. Neste contexto, é difícil non asumir que a emerxencia climática está transformando completamente as sociedades nas que vivimos. O que se debate, entón, é o significado, ritmo e alcance das devanditas mudanzas; é dicir, quen sae gañando e quen perdendo.

Noutras palabras, discútese sobre transición ecolóxica e se esta vai servir de panca para unha maior xustiza social e procesos de democratización que non prexudiquen aos grupos historicamente desfavorecidos e oprimidos mentres se loita contra as alteracións climáticas; ou se, por contra, a devandita transición só afondará as tendencias globais cara a unha maior desigualdade e réximes máis autoritarios. É nesta disxuntiva onde a Educación Ambiental tería que estar traballando para así ir desfecendo a contradición entre calidade de vida no curto prazo e as condicións materiais que a sustentan no medio e longo. Mais é precisamente este diagnóstico o que estivo ausente, nos últimos anos, nos diversos e variados programas educativos ambientais.

Estes programas, con relación á emerxencia climática, centráronse até agora en estratexias de adaptación e mitigación con enfoques que xiran arredor da alfabetización científica baseada en informacións, descubrimentos e análises das ciencias climáticas. Agora ben, os devanditos programas non consideraron os procesos sociais, culturais e económicos que constrúen as distintas representacións das alteracións climáticas. Noutras palabras, a Educación Ambiental realizou unha aproximación tecnocrática ao problema da emerxencia climática, mais a tecnocracia non evita a política, senón que a ignora; é dicir, esta aproximación elimina unha postura política clara.

Aínda que distintas correntes dentro da Educación Ambiental sinalan insistentemente a urxencia e necesidade de transformar as sociedades actuais cara a outros modelos, ningunha termina por cuestionar as bases económicas do noso modelo actual: o capitalismo. O capitalismo atópase no corazón mesmo das alteracións climáticas, xa que se basea nun crecemento indefinido que o planeta non pode soportar. De feito, o extractivismo e a polución atópanse no núcleo das economías medioambientais convencionais. Por outra banda, a adopción feble da idea de sustentabilidade só empeorou a situación xa que o termo converteuse en equivalente de sen impacto ambiental e iso é falso.

A Educación Ambiental, entón, debe facer fronte ao elefante na habitación e comezar a problematizar o capitalismo e as ideas de sustentabilidade e desenvolvemento sostíbel que nas últimas décadas fomentou o devandito sistema. Precisamente, esta investigación céntrase nas posibilidades de reformular politicamente a Educación Ambiental, entre outros conceptos, para así axudarnos a construír sociedades descarbonizadas, democráticas, decoloniais e socialmente xustas.